

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

María Beatriz Domínguez Oroña (2015): “Construcións causativas e anticausativas no galego: o caso de *aprender*”. *Gallæcia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica*. Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# Construcións causativas e anticausativas no galego: o caso de *aprender*

María Beatriz Domínguez Oroña  
Instituto da Lingua Galega (USC)

Gallaecia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA



GALLAECIA III CILH

- Introducción: a causatividade
- Obxecto de estudo
- Metodoloxía
- Descrición das principais construcións de *aprender*
- Conclusións

# **A CAUSATIVIDADE**

# Tipología Lingüística (Comrie, 1989; Shibatani, 1975)

Universals lingüísticos

Variación lingüística

# Tipos de codificación da causatividade (Comrie, 1989)

- Parámetros formais
  - Causativos analíticos:
    - *I caused John to go*
    - *María fixo que Pedro viñese*
    - *María fixo vir a Pedro*
  - Causativos morfolóxicos
    - sufixos –t e dür do turco: öl ‘morrer’, öl-dür ‘matar’
    - calar-acalentar, pacer-apacentar; adormecer-adormentar, amolecer-amolentar
  - Causativos léxicos
    - *kill/die*
    - *matar/morrer, ensinar/aprender ou queimar/arder*

**OBJECTO DE ESTUDO**

# Causativos léxicos

- Aprender
  - Construcción anticausativa:
    - *Aprender un oficio* (DRAG)
    - *Aprende o credo* (DRAG)
  - Construcción causativa:
    - *O profesor apréndenos cousas moi interesantes* (DRAG)
    - *Apréndeme a montar a cabalo* (DRAG)



# **METODOLOGÍA**

- Definir os principais usos desde unha perspectiva funcionalista (Dik, 1981)
- Análise dunha mostra:
  - Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG) <https://ilg.usc.es/tmilg/>
  - Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG) <http://ilg.usc.es/TILG/>
- Análise, fundamentalmente, cualitativa

**DESCRIPCIÓN DAS PRINCIPAIS  
CONSTRUCCIÓN DE *APRENDER***

**CONSTRUCCIÓN DE *APRENDER* NO  
TMILG**

# Aprender ‘saber, ter noticia’

- ‘Saber’, ‘ouvir dizer’, Nunes (1928), *apud* DDGM
  - E sei, Don Fernando, per quant ' aprendi, | non poderedes esta dona aver, | ca seus vassalos, com ' ouço dizer, | non queren om ' estranho sobre si: | (Estevan Faian, LP, 1240-1300)
- Aprender precedido de preposición e/ou conxunción: (per) quant'aprendi, per quent'end'eu aprendi, (per) com'aprendi, segund'aprendi.
- Unha frase nominal na función semántica de meta e na sintáctica de **OD**:
  - cōmo Vlixas aprendeu nouas dos que yã casar cō sua moller Estando Vlixas con el RRey Alçion, (Afonso X, HT, 1356-1399)
  - aprendeu nouas de sua terra estrayas et grandes, moyto espauoradas a sobre guisa. (Afonso X, HT, 1357-1399)
- **Aprender a [alguén]:**
  - || contar -vo -lo -ei brevement ' e agynna || quan ' end ' **aprendi** a quen mio á contado. || (Afonso X, CSM, 1264-1284)

# Aprender ‘adquirir coñecementos de [algo]’

- [APRENDER<sub>v</sub> [x<sub>1</sub>]<sub>Experimentador/Sux.</sub> [x<sub>2</sub>]<sub>Meta/OD</sub>]Proceso
- x<sub>2</sub>:
  - Frase nominal: “dos maestros aprendi tal liçon: | que manto doutren non filhe per ren;” (Vasco Gil, LP, 1240-1300).
  - Preposición *a* + infinitivo:  
Item mando a Maria, filla de Afonso Nouo, quareenta par de brancas, et que llos dian quando quiser aprender a coser ou a teçer. (Ares Gonçalves, OMOM, 1418, Villamayor [Mondoñedo-L])
- Aprender de [+/- animado] :
  - Vós non trobades come proençal, | mais come Bernaldo de Bonaval; | por ende non é trobar natural, | pois que o del e do Dem ' **aprendestes**. | (Afonso X o Sabio, LP, 1240 - 1300).
  - Et quen se desto doer, uaa aa batalla et ferirá ou será ferido, et cõbátase pera seer y morto ou ferido, ca eu uos digo, sem mentir, que outro derribará aló, et outro ferir[á] ou será ferido ou ardido ou couardo, et outro será y preso ou chagado, ca eu ia asaz **aprend’j** da lazeyra et do mal. (Benoît de Saint-Maure, CT, 1370 – 1373)
- Aprender en [- animado]:
  - Est ' ome de linnage foi non rafez, || mais de grand ' , e senpre de sa menñez || **aprende**u nas artes, por que mayor prez || ouve dos que eran en [e]ssa sazon || Sempr ' a Virgen santa dá bon gualardon ... || (Afonso X, CSM, 1264-1284)
- Aprender intransitivo:
  - et daualles soldadas aos maestros, por que todos aquelles que quisessen aprender, que o nõ leixassem por mingoa de meestres. (Anónimo, TC, 1297-1312).

**CONSTRUCCIÓN DE APRENDER NO  
TILG**

# Aprender ‘adquirir coñecementos de [algo]’

- [APRENDER<sub>v</sub> [x<sub>1</sub>]<sub>Experimentador/Sux.</sub> [x<sub>2</sub>]<sub>Meta/OD</sub>]<sub>Proceso</sub>
- x<sub>2</sub>:
  - Frase nominal: dous dos referentes máis frecuentes son: os idiomas: “Teño pensado aprender turco ,” (BRR AUS005) e os oficios: “Un estaleiro onde facían labras oito oficiais e tres pinches que aprendían o oficio.” (PUEAGU005)
  - Clítico acusativo: “teño que aprendé- los de memoria” (BRR CAB991)
  - Oración subordinada substantiva: “Aprendín que non hai que se render nunca.” (CND MAR007)
  - Un pronome relativo: “pois é arte que desde hai moito tivemos que aprender para defendé- las nosas moradas contra asaltos humano” (CBNGAL989)
  - Preposición *a* + infinitivo: “Aprendín a curar o mal de ollo restrelando na pedra do fogar a cara da meiga malfeitora.” (CPOCON996)
    - Aprender + infinitivo: “Nas tascas da <1 Ribeira 1> aprendeu bailar o tango .” (SOUFUM997)



# Aprender ‘adquirir coñecementos de [algo]’

- Aprender intransitivo
  - O mestre di que , se o rapaz aprende ben no primeiro curso, gañará a beca case seguro para o segundo. (RTRRAI996)
- Aprender a/de [oficio]
  - Preposición *a* altamente frecuente: “Aprendín a cazador nos montes de <1 Salamanca 1> ;” (PRZCA1885).
  - 3 casos coa preposición *de*: “Na mocidade aprendera de alfaiate e (...)” (PUEAGU005)
- Aprender de [+/- animado]
  - [+ animado] [- humano]: “- ¿ Cál é , mestre , o animal máis perfecto ? - Todos o son . Debes aprender daquel que se mete no río (...)” (VCLOLL997)
  - [+ humano]: “Esto aprendera ÷o de miña avoa.” (CRBPAR981) / *Miña avoa ensinoume esto*
  - [- animado]: “Porque errar e aprender dos erros dun ou dos alleos” (RABPAL989)
- Aprender con [+ humano]
  - “e estaba a aprender costura en <1 Viveiro 1> coa miña tía,” (TBIDEC994)
  - Busse (1994): “N – V - com Np – N *Aprende com ele o ofício de carpinteiro*”
  - “O cuarto ferreiro era un home do <1 Alto 1> que aprendeu cun dos vellos ferreiros.” (MNDLOU984)
- Complementos circunstanciais: “aprendín tódo-los días algo,” (HEIARR985)

# Construcións causativas de *aprender* no TILG

- [APRENDER<sub>v</sub> [x<sub>1</sub>]<sub>Axente/Sux.</sub> [x<sub>2</sub>]<sub>Meta/OD</sub>  
[x<sub>3</sub>]<sub>Experimentador/OI</sub>]<sub>Acción</sub>
- Menor frecuencia que as anticausativas (11, 06%)
- Exemplos: “(...) e aprendámoslles a cantinela” (LFRTEC895), “Solo me propoñía aprender ÷lle a ese a respetar ós mais” (RDRCRU899), “Miña nai , miña naiciña , aprendei ÷me a costureira,” (VNTCAN942)

# O experimentador nas construcións causativas de *aprender*

- Frase Preposicional / Frase Nominal
  - FP (76,92%): “que <3 Caravantes 3> aprendeu ós pobres ostiatim para que llelo recitasen ós labregos de paso que lles pedían esmola” (SAAVID992)
    - Predicados transitivos e intransitivos
  - FN (23,08%): “E meus pais non querían porqu ' aprenderon unh ' a coser e non continuou co oficio ,” (VAZTDI986)
    - Predicados intransitivos
- Clítico dativo / clítico acusativo
  - Clítico dativo (87'97%) : “Sempre estaba a falar para el , a aprenderlle cousas.” (TROTIC993).
    - Predicados transitivos e intransitivos
  - Clítico acusativo (12'03%): Aprendeno a ler i escribir , enseñoulle as principaes regras (FNDANT925)
    - Predicados intransitivos
- Pleonasma
  - Clítico dativo e FP (85,71%): “Os vellos tivemos que aprenderlles ós novos ...” (CBNCER994)
  - Excepcións (14,29%):
    - Clítico acusativo e FP : “- ¿ Quen o aprendeu a vosté a matar ?” (SCRFAL983)
    - Clítico acusativo e FN: “si , unha aprendémo- la e non quixo seghir” , (VAZTDI986)
      - Predicados intransitivos

# Conclusións

- Diferenzas entre o galego medieval e o contemporáneo:
  - Alta frecuencia de *aprender* ‘saber’, ‘ter noticia’ no TMILG
  - Ausencia de *aprender* causativo no TMILG
- Presenza minoritaria de *aprender* causativo no TILG
- Distribución dialectal das construcións causativas de *aprender*
- Alternancia FP/FN e clítico dativo/clítico acusativo na expresión do experimentador nas construcións causativas de *aprender*
  - Transitividade
  - Distribución dialectal

# Bibliografía

- Busse, Winfried (coord.) (1994): *Dicionário sintático de verbos portugueses*. Coimbra: Almedina
- Comrie, Bernard (1989): *Universales del lenguaje y tipología lingüística. Sintaxis y morfología*. Madrid: Editorial Gredos.
- Cuervo, Rufino José (1986): *Diccionario de construcción y régimen de la lengua castellana*. Bogotá: Instituto Caro y Cuervo.
- DDGM = González Seoane, Ernesto (coord.): *Diccionario de diccionarios do galego medieval*. <http://sli.uvigo.es/DDGM/> [26 /07 /2015]
- Dik, Simon C. (1981): *Gramática funcional [trad., glosario de termos técnicos e introdución á edición española por Fernando Serrano Valverde e Leocadio Martin Mingorance]*. Madrid: Sociedad General Española de Librería.
- Kasten Lloyd, A. / John J. Nitti (eds.) (2002): *Diccionario de la prosa castellana del Rey Alfonso X*. Nova York: Hispanic Seminary of Medieval Studies.
- Shibatani, Masayoshi (1975): *A linguistic study causative construction*. Bloomington: Indiana University.
- TILG = Santamarina, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/TILG/>> [27/07/2015]
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>>. [27/07/2015]

# Referencias bibliográficas TMILG

- CSM = Mettmann, Walter (ed.) (1959-72): *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbricensis. Reed. de Ed. Xerais de Galicia en 1981 (2 vols.).
- HT = Parker, Kelvin M. (ed.) (1975): *Historia Troyana*. Edición e introducción de ---. Santiago: Instituto "Padre Sarmiento". [Incorpora as correccións de R. Lorenzo (Verba, 9, 1982, pp. 253-290)].
- LP = Brea, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliográfica específica. Vol. 2. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", pp. 993-1002.

# Referencias bibliográficas TILG

- BRR AUS005 = Barros, Jacobo (2005): *Os ausentes de Casteltón*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- BRR CAB991 = Borrazás, Xurxo (1991): *Cabeza de chorlito*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- CBN GAL989 = Cabana, Darío Xohán (1989): *Galván en Saor*. Vigo: Xerais.
- CBN CER994 = Cabana, Darío Xohán (1994): *O cervo na torre*. Vigo: Xerais.
- CND MAR007 = Conde Cid, Alfredo (2007): *María das Batallas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- CPO CON996 = Campo Domínguez, María Pilar (1996): *Confesión e morte de María Balteira*. A Coruña: Baía Edicións.
- CRB PAR981 = Carballo Ferreiro, Xosé Manuel (1981): *Parábolas chairegas*. Vigo: Castrelos.
- FND ANT925 = Fernández e González, Xesús (1925): *Como son os do grorioso (Antón Piruleiro)*. A Coruña: Lar.
- HEI ARR985 = Heinze, Úrsula (1985): *Arredor da muller en 18 mundos*. Vigo: Xerais.
- LFR TEC895 = López Ferreiro, Antonio (1895): *A tecedeira de Bonaval*. Episodio da estórea de Compostela no sigro XVI (2ª ed.). A Coruña: Andrés Martínez, Editor.
- MND LOU984 = Mandianes Castro, Manuel (1984): *Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega*. Vigo: Galaxia.
- PRZ CA1885 = Pérez Ballesteros, José (1885): *Cancionero Popular Gallego* (vol. I) [Reprod. facsimilar da 1ª edición]. Madrid: Akal, 1979.
- PUE AGU005 = Puentes, Hixinio (2005): *Aguillóns de Ortegal*. Vigo: Xerais.
- RAB PAL989 = Rábade Paredes, Xesús (1989): *A palabra secreta*. Vigo: Galaxia.
- RDRCRU899 = Rodríguez López, Xesús (1899): *A crus de salgueiro*. Lugo: Imp. El regional.
- RTR RAI996 = Rodríguez Troncoso, Manuel (1996): *Raíces rurais*. Sada: Edicións do Castro.
- SOU FUM997 = Souto, Xurxo (1997): *Fumareu*. Vigo: Xerais.
- TBIDEC994 = Tobío, Lois (1994): *As décadas de T. L.* Sada: Edicións do Castro.
- SAA VID992 = Saavedra, Pegerto (1992): *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- SCR FAL983 = Sánchez Rodríguez, Helena (1983): *A fala da parroquia de Seteventos*. Memoria de licenciatura (inérita). Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- TRO TIC993 = Toro, Suso de (1993): *Tic-Tac*. Barcelona: Ediciones B.
- VAZ TDI986 = Vázquez Somoza, Xosé Luís (1986): *O galego en Zolle* [textos dialectais]. Memoria de licenciatura (inérita). Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 122-243.
- VCL OLL997 = Varcárcel, Xesús Manuel (1997): *Os ollos da sentinela*. Vigo: Galaxia.
- VNT CAN942 = Ventín Durán, José Augusto (1942): *Cantigueiro. Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. Ed. de Xesús Ferro. Santiago: CIRP.

GRAZAS